



ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE CATRO PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL.

Na Casa do Concello de Porto do Son, do día 18 de maio de 2017, reíñese o tribunal designado para a selección da praza, composto do seguinte xeito:

- Presidente: D. Alberto García Pouso.
- Vogal: D. José Antonio Maneiro Maneiro.
- Vogal: D. José Manuel Segade Santos
- Vogal: D. Manuel José Abeijón Blanco.
- Secretario: D. José Manuel González García



O obxecto da sesión é proceder á realización da fase de oposición. O tribunal pon en coñecementos dos aspirantes, que todas as probas se realizarán de forma continuada, é dicir, logo de realizar as probas físicas, realizarase a proba de coñecementos, seguidamente a proba de coñecementos do termo municipal e da toponimia local e finalmente a proba de coñecemento da lingua galega. Unha vez realizado, o tribunal por unanimidade dos seus membros acorda:

1º) Comprobación da estatura e probas de aptitude física, proba de coñecementos do termo municipal e da toponimia local e proba de coñecemento da lingua galega.

| APELIDOS E NOME | COMPROBACIÓN ESTATURA | SALTO VERTICAL | CARREIRA DE 1.000 METROS | PROBA DE COÑECIMENTOS | PROBA DE COÑECIMENTOS DO TERMO MUNICIPAL E DA TOPONIMIA LOCAL | PROBA DE COÑECIMENTO DA LINGUA GALEGA | TOTAL |
|--------------------------------|-----------------------|----------------|--------------------------|-----------------------|---|---------------------------------------|--------|
| ALONSO SEGADE SHEILA | NP | - | - | - | - | - | - |
| ALVARINO PORTO ERO | APTO | APTO | APTO | 7,068 | 1,50 | Celga 3 | 8,568 |
| BLANCO ANSOAR FRANCISCO JAVIER | APTO | APTO | APTO | 5,734 | 1,50 | Celga 3 | 7,234 |
| CENDÓN DOMÍNGUEZ MARCOS | APTO | APTO | APTO | 5,200 | 0,00 | - | - |
| COSTA FERNÁNDEZ BENJAMÍN | APTO | APTO | APTO | 5,200 | 1,50 | Apto | 6,700 |
| DEL RÍO MOSQUERA MARIA ESTHER | APTO | APTO | APTO | 8,400 | 3,00 | Celga 3 | 11,400 |
| FRANCO LEÓN DIEGO | APTO | APTO | APTO | 4,934 | - | - | - |
| GARCÍA RIVAS LAURA | APTO | APTO | APTO | 4,668 | - | - | - |
| INSÚA ARIAS EDGAR | NP | - | - | - | - | - | - |
| MOURO SEAGUE RUBÉN | APTO | APTO | APTO | 7,868 | 1,50 | Celga 3 | 9,368 |
| POUSO TUBIO MARTÍN | APTO | APTO | APTO | 3,334 | - | - | - |
| PREGO BETANZOS ÓSCAR | NP | - | - | - | - | - | - |
| SAMPEDRO VIDAL ÓSCAR JOSÉ | APTO | APTO | APTO | 5,734 | 1,50 | Celga 3 | 7,234 |
| SANTOS CAMBÓN MARIA | APTO | APTO | APTO | 8,400 | 3,00 | Celga 3 | 11,400 |
| VENTOSO TORRES IAGO | APTO | APTO | APTO | 7,868 | 3,00 | Celga 3 | 10,868 |
| VILAS QUEIRUGA JOSÉ MANUEL | APTO | APTO | APTO | 4,934 | - | - | - |

(Handwritten signatures and initials in blue ink)



2º) Propoñer para a súa contratación pola Alcaldía aos seguintes participantes, por ser as persoas que acadaron as maiores puntuacións na realización do procedemento de selección:

- Del Río Mosquera, María Esther.
- Santos Cambón, María.
- Ventoso Torres, Iago.
- Mouro Seague, Rubén.

Co resto de participantes faise unha lista de reserva, por orde decrecente de puntuación (no caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada, de conformidade co previsto no artigo 61.8 d o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público).

3ª) Previamente ó nomeamento para a contratación, **os aspirantes propostos para a contratación deberán participar nun curso específico de formación teórico-práctico convocado pola Academia Galega de Seguridade Pública**. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ó dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de Coordinación de Policía Locais.

Os gastos que se deriven pola asistencia ó referido curso serán a cargo dos aspirantes.

4ª) Cada un dos aspirantes propostos presentarán na Secretaría Xeral do Concello, no prazo de tres días naturais (contado a partir da publicación do resultado da selección), os documentos que acrediten que cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos na Base 3ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, é dicir:

- a) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza xudicial firme.
- b) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- c) Número de afiliación á Seguridade Social.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algún aspirante proposto non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ó seu nomeamento para a contratación, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

4ª) Dispor a publicación desta acta no taboleiro de edictos e na web do concello.